

RESOLUCIÓN do 21 de febreiro de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para proxectos de enerxías renovables, de uso térmico, dirixidas a particulares, para o ano 2019.

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190305/AnuncioG0474-210219-0004\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190305/AnuncioG0474-210219-0004_gl.pdf)

## AXUDAS A ENERXIAS RENOVABLES DE USO TERMICO A PARTICULARES

### **Beneficiarios:**

As persoas físicas titulares de calquera dereito sobre un inmovible de dereito residencial ou as comunidades e mancomunidades de veciños.

### **Actuación obxecto da axuda**

Os proxectos limitaranse a instalacións para a xeración de enerxía térmica mediante equipamentos que utilicen biomasa como combustible, e outras instalacións de enerxías renovables que utilicen como fonte enerxética a xeotermia, aerotermia ou a solar térmica.

### **Contía da axuda**

A contía da axuda será do 50 % do investimento elixible da instalación, tendo en conta o seu orzamento e os valores máximos por potencia definidos no artigo 5 destas bases reguladoras. A contía máxima por proxecto será de 60.000 €.

Adicionalmente na procura de instalacións de potencia racionais, establécese un custo elixible máximo por vivenda segundo a seguinte táboa. Para estes efectos defínese vivenda como todo inmovible que se utilice ou fose deseñado para a residencia dunha familia, independentemente do tamaño desta e da súa tipoloxía (piso, vivenda unifamiliar, adosado, ...).

Tipoloxía	Investimento elixible máximo por vivenda (€, excluído o IVE)
Xeotermia	12.000
Aerotermia	6.000
Solar térmica	6.000

**AS SOLICITUDES DEBEN FACERSE OBRIGATORIAMENTE A TRAVES DAS ENTIDADES COLABORADORAS**

**PRAZO DENDE 08/04/19 E REMATA O 01/07/19**